

## ACTUACIÓN PREVIAS

Cada un dos concellos interesados nomeará unha comisión composta polo alcalde ou alcaldesa e por tres concelleiros/as que, xunto co secretario/a da corporación e o/a perito que designe cada concello, verificarán a operación. Se o deslinde afecta aos límites provinciais, cada unha das deputacións interesadas terá dereito a integrarse nas comisións cunha representación igual á de cada concello.

Ao acto asistirán, por cada municipio, os membros da súa comisión e dúas persoas que pola súa idade e acreditado xuízo poidan xustificar o sitio no que estiveron os marcos ou sinais divisorios, así como as persoas propietarias dos terreos afectados polo deslinde.

Se existe conformidade na fixación da liña límite, as comisións designadas polos concellos interesados levantarán acta conxunta que o acredite, procederán de común acordo á colocación dos marcos que sinalen os límites e remitirán copias da dita acta á Comunidade Autónoma e ao Instituto Xeográfico Nacional. A fixación da liña límite entre os concellos quedará inscrita no Rexistro de Entidades Locais de Galicia e será comunicada á Administración do Estado para que a inscriba no Rexistro Estatal de Entidades Locais.

Cando existan diverxencias entre os concellos implicados en relación coa liña divisoria, cada comisión levantará acta por separado na que constarán todos os datos, antecedentes e detalles que se estimen necesarios.

## TRAMITACIÓN POSTERIOR

As alcaldías respectivas remitiranlle as actas, con todos os demais antecedentes, á consellería competente en materia de réxime local, que enviará o expediente ao Instituto Xeográfico Nacional. A emisión do informe preceptivo do Instituto Xeográfico Nacional está suxeita ao abono dunha taxa por parte do concello/s solicitante/s.

Reunión sobre o terreo das comisións dos concellos, o/s técnico/s do Instituto Xeográfico Nacional e unha persoa en representación da Consellería, para levar a cabo a operación, á vista da documentación e de conformidade cos documentos presentados.

No caso de non comparecer o/a representante dalgún dos concellos, sempre que fosen convocados de forma fiel, nas operacións de campo que se deban realizar, levará implícito o decaemento do seu dereito para impugnar a liña que se fixe, coa presenza do concello ou concellos comparecentes.

Recepción por parte da Consellería do informe do Instituto Xeográfico Nacional

Informe da Deputación Provincial respectiva e da Comisión Galega de Delimitación Territorial

Ditame do Concello Consultivo de Galicia

A resolución dos conflitos correspóndelle ao Consello da Xunta por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local.

Inscripción da fixación da liña límite entre os concellos no Rexistro de Entidades Locais de Galicia e comunicación á Administración do Estado para que a inscriba no Rexistro Estatal de Entidades Locais.